



**TITULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS**  
**Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia**

**Técnica de conservación activa dos bens escultóricos I**

Departamento: Conservación e restauración de escultura

Obrigatoria da especialidade	Curso: 3º escultura	1º Cuadrimestre	3 ECTS
------------------------------	---------------------	-----------------	--------

Teórica

Profesora: Susana Ara Poceiro  
susanaara@edu.xunta.gal

Horario: 2 horas semanais

**DESCRIPCIÓN DA MATERIA**

Estudo das alteracións, para establecer diagnósticos e propostas de tratamento. Definición dos criterios de intervención aplicables. Metodoloxía e técnicas específicas de conservación – restauración.

**COMPETENCIAS TRANSVERSAIS**

T2 Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.

T4 Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.

T8 Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.

T13 Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.

**COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN**

X1 Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión.

X2 Coñecer e identificar a composición material do ben cultural e os procedementos e técnicas empregados na súa elaboración.

X3 Recoñecer e identificar as alteracións do ben cultural e as causas do seu deterioro para avaliar o estado de conservación.

X4 Determinar os exames ou análises precisos para avaliar os seus resultados.

X5 Determinar os criterios de intervención e decidir o tratamento de conservación máis axeitado.

X6 Acadar coñecementos críticos sobre a metodoloxía, estratexias de actuación, tratamentos e emprego de materiais para a conservación e restauración.

X7 Diseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración.

**COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE DE ESCULTURA**

EE1 Diagnosticar as alteracións dos bens escultóricos e dos seus materiais constitutivos mediante o seu exame, identificación, análise e valoración.

**COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA**

Acadar os coñecementos necesarios para realizar unha proposta e intervención axeitada ás obras escultóricas en madeira.



### UNIDADES DIDÁCTICAS

Unidade	% da materia
1. A escultura en madeira. Compoñentes da obra: soporte e policromías. Termos, técnicas, materiais e estratos da obra sobre madeira.	20%
2. Alteracións dos materiais e estratos que compoñen a escultura en madeira policromada. Alteracións causadas polo envellecemento e polas malas técnicas.	15%
3. O informe.	5%
4. Protección temporais da obra . Materiais e métodos.	5%
5. Tratamentos do soporte. Desinsectación, consolidación, eliminación ou estabilización de cravos, eliminación de nós, recolocación de pezas, reforzos. Materiais e métodos.	15%
6. Consolidación e fixado da policromía. Materiais e métodos.	10%
7. Limpeza de policromías. Eliminación ou alixeiramento do verniz. Materiais e métodos. Disolventes, emulsións e xeles.	10%
8. Reintegración. Materiais e métodos.	5%
9. Os Retablos. Tipoloxías. Principais alteracións. Intervencións.	15%

### PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Sesión maxistral	30		30
Estudo de casos	6	6	12
Aprendizaxe autónomo		33	33
<b>Total</b>	<b>36</b>	<b>39</b>	<b>75</b>

### METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Sesións maxistras	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices do traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Estudo de casos	Estudos de casos, debates e outras actividades.
Aprendizaxe autónomo	Traballo individual autónomo. Estudo dos contidos expostos polo profesor. Estudos de caso, debates e outras actividades. Actividades de aplicación dos coñecementos e resolución de problemas e exercicios. O alumnado debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.

### SISTEMAS DE AVALIACIÓN

Método	Criterios	% avaliación
--------	-----------	--------------



Probas escritas combinadas de resposta curta e longa.	Corrección nos contidos e na expresión.	70%
Estudo de casos	Corrección nos contidos e na expresión. Sentido crítico.	20%
Observación sistemática	Asistencia, participación.	10%
<b>Total</b>		<b>100 %</b>

### OUTROS COMENTARIOS A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

- A asistencia é obrigatoria. A non asistencia ás clases repercutirá na cualificación nun 10%, o alumnado poderá ser cualificado cun 0 no apartado “Observación sistemática”.
- Avaliarase o progreso do proceso de aprendizaxe, incluíndo este tódolos resultados acadados no traballo continuado de clase, os exercicios e traballos entregados no tempo estipulado e as probas escritas(exames) que se realizarán ao longo do curso.
  - **Avaliación continua:** o alumnado deberá realizar tódolos traballos e exames establecidos ao longo do curso.
    - No caso de perda da avaliación continua o alumnado deberá presentar igualmente os traballos propostos ao longo do curso tanto en convocatoria ordinaria como en extraordinaria.
  - **Convocatoria ordinaria:**  
Realizarase un exame que servirá de recuperación parcial/total segundo as partes non superadas.  
A avaliación ordinaria poderá incluír a realización de probas específicas finais, comprendendo esta os contidos teóricos e todos aqueles relacionados cos traballos ou lecturas realizados ao longo do curso e recollidos como parte da avaliación.
  - **Convocatoria extraordinaria:** o alumnado que non supere a convocatoria ordinaria terá a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria. A avaliación extraordinaria consistirá na realización dun exame global da materia.

#### Procedementos de comunicación para clases, titorías e consultas:

- Correo electrónico corporativo: susanaara@edu.xunta.gal
- Plataforma Moodle (Plataforma de aprendizaxe empregada pola Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens de Galicia, de acceso mediante contrasinal a través da pestana AULA VIRTUAL).
- Videoconferencia Webex.

### ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofrecerase atención personalizada ao alumnado durante todo o curso. As titorías docentes desenvolveranse no horario establecido para esta finalidade.

### BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

- CELLINI, B. 1989. *Tratados de orfebrería, escultura, dibujo y arquitectura*. Madrid, Akal.
- CENNINI, C.. 1988. *El libro del arte*. Madrid, Akal (1º ed. 1982).
- EDLIN, H. L. 1994. *WHAT WOOD IS THAT?: A MANUAL OF WOOD IDENTIFICATION*. AMMANFORD, STOBART DAVIS LTD.
- HERRANZ, E. 1959. *EL ARTE DE DORAR TALLAS Y MADERA EN GENERAL*. MADRID, ED. DOSSAT.
- HIBY, G. 2008. *Il ciclodecano nel restauro di dipinte su tela e manufatti policromi*. Padova, Il Prato.
- HORIE, C. V. 1990. *Materials for Conservation. Organic Consolidants, Adhesives and Coatings*. London, Butterworths (ed. or. 1987).
- JOHNSTON, D. 1999. *La madera : clases y características*. Barcelona, Ediciones CEAC.



- LIOTTA, G. 1993. *Gli insetti e i danni del legno: problemi di restauro*. Firenze, Ed. Nardini.
- MARTINEZ, R. P. 2002. *Protección y conservación de la madera*. Tórculo Edicións.
- MAYER, R. 1985. *Materiales y técnicas del arte*. Madrid, Blume.
- NINO RICOI, H. e SILVAR, C. 2001. *Guía das árbores de Galicia*. A Coruña, Baía Edicións, 2001.
- PINNINGER, D. 1994. *Insect Pests in Museums*. London, Archetype Publ.
- RODRIGUEZ BARREAL, J. A. 1998. *Patología de la madera*. Madrid, Fundación Conde del Valle de Salazar y Ed. Mundi-Prensa.
- VILLARQUIDE, A. 1999. *A pintura sobre tea. Historiografía, técnicas e materiais*. A Coruña, Edicións do Castro.
- VILLARQUIDE, A. 2001. *Restauración e Conservación de pintura sobre tea. Alteracións, materiais e tratamentos*. Ourense, Normal Edicións de Arte.